# Cuestionario de autoavaliación para os traballadores e as traballadoras

| Unidade de competencia. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Montar e manter instalacións de circuíto pechado de televisión | UC0598_2 | 2 |

### Cualificacións profesionais e títulos de formación profesional asociados á unidade de competencia.

| Cualificación profesional. | Código. | Nivel. |
|---|---|---|
| Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuíto pechado de televisión | ELE188_2 | 2 |
| **Título de formación profesional.** | **Código.** | **Nivel.** |
| Instalacións de telecomunicacións | MELE02 | Grao medio |

### Por favor, lea atentamente as instrucións seguintes.

Conteste a este cuestionario de xeito sincero. A información recollida nel ten carácter reservado, ao estar protexida polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
O seu resultado servirá soamente de axuda, orientando en que medida posúe a competencia profesional da unidade de competencia.
Non se preocupe, con independencia do resultado desta autoavaliación, vostede ten dereito a participar no procedemento de avaliación, sempre que cumpra os requisitos da convocatoria.

---

, de de 201

A persoa candidata

O asesor ou a asesora

Sinatura: nome, apelidos e DNI

Sinatura: nome, apelidos e DNI

## Instrucións para cubrir o cuestionario.

Cada actividade profesional principal (APP) componse de varias actividades profesionais secundarias (APS).
Lea atentamente cada APP e a continuación as súas APS. En cada APS marque cunha cruz o indicador de autoavaliación que considere máis axustado ao seu grao de dominio das APS. Eses indicadores son os seguintes:
1. Non o sei facer.
2. Pódoo facer con axuda.
3. Pódoo facer sen precisar axuda.
4. Pódoo facer sen precisar axuda, e mesmo podería formar outro traballador ou traballadora.

| APP1 | Montar o sistema de cableamento de instalacións de circuíto pechado de televisión (CCTV) seguindo os procedementos establecidos na documentación técnica do proxecto, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa. | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS1.1 | Facer a implantación das canalizacións da instalación respectando as prescricións do plano de distribución. | | | | |
| APS1.2 | Comprobar as características do material acumulado, tomando como referencia as especificacións para canalizacións, elementos de fixación e tendido do cableamento, así como para a instalación de equipamentos e outros elementos do sistema. | | | | |
| APS1.3 | Distribuír o material subministrado e colocalo segundo a orde de traballo e cumprindo, en tempo e forma, o plan de montaxe. | | | | |
| APS1.4 | Dispor os elementos de fixación, asegurando a suxeición mecánica e a calidade estética, e comprobar que as características se axusten ás prescricións regulamentarias. | | | | |
| APS1.5 | Montar as canalizacións comprobando que as características se axustan ás especificacións técnicas de fábrica. | | | | |
| APS1.6 | Verificar as características dos medios de transmisión, cumprindo as prescricións regulamentarias. | | | | |
| APS1.7 | Tender os cables da instalación sen alterar as súas características eléctricas e agrupándoos segundo o procedemento establecido. | | | | |
| APS1.8 | Etiquetar os cables, seguindo o sistema de codificación establecido. | | | | |
| APS1.9 | Redactar o informe técnico sobre o traballo desenvolvido e as modificacións introducidas. | | | | |

| APP2 | Instalar os equipamentos e elementos auxiliares da instalación do circuíto pechado de televisión (CCTV), seguindo os procedementos establecidos na documentación técnica do proxecto e manuais de fábrica, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa. | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS2.1 | Instalar elementos auxiliares (soportes, carcasas, focos, etc.). | | | | |
| APS2.2 | Conectar equipamentos, monitores, cámaras e elementos auxiliares (soportes, carcasas, focos, etc.). | | | | |
| APS2.3 | Etiquetar os equipamentos utilizando elementos doadamente identificables. | | | | |
| APS2.4 | Instalar o software de control seguindo a documentación técnica e de acordo coas indicacións da clientela. | | | | |
| APS2.5 | Efectuar as probas funcionais, verificando a transmisión de sinal entre cámaras e equipamentos. | | | | |
| APS2.6 | Elaborar o informe de montaxe incluíndo o traballo desenvolvido e as modificacións introducidas ás especificacións iniciais do proxecto, utilizando o formato establecido. | | | | |

| APP3 | Manter instalacións de circuíto pechado de televisión (CCTV) de acordo cos procedementos establecidos, no tempo de resposta requirido, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa. | Indicadores de autoavaliación 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|---|
| APS3.1 | Efectuar as probas de funcionamento do equipamento, verificando as indicacións recollidas no parte de mantemento. | | | | |
| APS3.2 | Medir os niveis de sinal nos equipamentos, seguindo o protocolo de diagnóstico de disfuncións ou avarías. | | | | |
| APS3.3 | Elaborar o informe de custos, incluíndo materiais e tempos de intervención estimados que permitan a elaboración do orzamento de reparación da avaría detectada ou da acción de mantemento que cumpra desenvolver. | | | | |

| | | Indicadores de autoavaliación | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| **APP3** | **Manter instalacións de circuíto pechado de televisión (CCTV) de acordo cos procedementos establecidos, no tempo de resposta requirido, en condicións de seguridade e cumprindo a normativa.** | | | | |
| APS3.4 | Substituír os equipamentos avariados (monitores, cámaras, etc.), aplicando os procedementos establecidos e consultando a documentación técnica e instrucións de fábrica. | | | | |
| APS3.5 | Substituír os elementos auxiliares avariados (soportes, carcasas, caixas antivandalismo, óptica, etc.), aplicando os procedementos establecidos e consultando a documentación técnica e instrucións de fábrica. | | | | |
| APS3.6 | Substituír os medios de transmisión de sinal avariados (cable coaxial, de pares, fibra óptica, etc.), aplicando os procedementos establecidos e consultando a documentación técnica e instrucións de fábrica. | | | | |
| APS3.7 | Verificar a compatibilidade do elemento substituído (equipamento, elemento difusor de sinal ou medio de transmisión), tendo en conta que a súa funcionalidade estea dentro dos parámetros admitidos. | | | | |
| APS3.8 | Axustar os elementos substituídos, coa precisión requirida e consultando documentación técnica. | | | | |
| APS3.9 | Elaborar o informe de reparación recollendo o traballo desenvolvido, utilizando o modelo establecido. | | | | |